

Da invención e fundación do ILG

ERNESTO GONZÁLEZ SEOANE

Ernesto González Seoane é catedrático de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago, membro do ILG e decano da Facultade de Filoloxía da USC.

O venres, día 14 de maio de 1971, anúnciase formalmente en rolda de prensa a creación do Instituto da Lingua Galega. O acto celebrouse baixo a presidencia de Manuel García Garrido, reitor da Universidade de Santiago de Compostela durante os convulsos anos 1968-1972, e nel participou tamén o seu principal promotor e primeiro director, o profesor Constantino García. A sesión aproveitouse para dar conta da publicación do volume *Galego I*, un método elemental para a aprendizaxe do galego que se presenta xa como a primeira obra da nacente institución, aínda que realmente fora elaborado no Departamento de Filoloxía Románica.

Este anuncio, que vén tomándose habitualmente como referencia para establecer a data fundacional do ILG, en realidade insírese nunha serie de acontecementos que teñen lugar ao longo da primavera e o verán do ano 1971 e que, pola súa poderosa carga simbólica, poden considerarse os alicerces sobre os que descansa a arquitectura identitaria da institución.

O primeiro destes acontecementos tivo lugar só uns poucos días antes do anuncio formal do reitor García Garrido, e consistiu na celebración en Santiago de Compostela dunhas xornadas de lingüística e filoloxía, que, auspiciadas polo Departamento de Filoloxía Románica, contaron coa participación de varias figuras consagradas da románica ibérica, concretamente os profesores Joseph M. Piel, Manuel Rodríguez Lapa, Luís Filipe Lindley Cintra e José Luis Pensado Tomé. Aínda que se contaba tamén coa presenza de Dámaso Alonso, este finalmente non puido acudir á cita. Estas xornadas viñan a ser en certo modo un colofón do longo proceso de elaboración e discusión do método antes mencionado (Piñeiro / Losada 2009: 857).

Só un par de meses máis tarde, o 26 de xullo, constituíase en reunión celebrada no Pazo de San Xerome o primeiro Padroado do Instituto da Lingua Galega. Integrábanse neste, ademais do reitor, que asumía a súa presidencia, e do director, o xa citado Constantino García, por unha banda, varios profesores e representantes institucionais da Facultade de Filosofía e Letras, concretamente os profesores Manuel Otero Túñez, como decano da Facultade, Manuel Díaz y Díaz, catedrático de Filoloxía Latina, e Ricardo Carballo Calero, profesor de Lingua e Literatura Galegas, e por outra representantes de diversas institucións culturais e cívicas, en concreto o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, representado por Xosé Fernando Filgueira Valverde, a Real Academia Galega, representada por Marino Dónega, a Fundación Penzol, representada por Xerardo Fernández Albor, a Fundación Fingoi, representada por Ricardo Carballo Calero, e a Fundación Barrié de la Maza, representada por Joaquín Arias Díaz de Rábago.

* Gustaríame deixar constancia do meu agradecemento a Antón Santamarina, Xosé Luís Couceiro, Guillermo Rojo e Ramón Lorenzo, memoria viva dos primeiros anos do Instituto e do Departamento de Románicas. Por outra banda, a historia da creación do ILG foi xa contada noutros lugares, como Santamarina (2011) ou Fernández Rei (2008), aos que remito para completar a información e a interpretación que aquí se ofrece.

Sociedade, investigación, galeguismo

Deixando a un lado a coincidencia, buscada ou non, das datas en que teñen lugar estes sucesos con celebracións de gran relevancia simbólica dentro da tradición galeguista, como o Día das Letras Galegas ou, máis aínda, como o Día da Patria Galega, os tres actos mencionados parecen formar parte dunha estratexia despregada polos promotores do Instituto para procurar a súa lexitimación noutros tantos escenarios diferentes, en que, por outra banda, a nova institución terá que moverse e intervir constantemente ao longo da súa dilatada vida futura.

Por unha banda, a presenza en Compostela de varias figuras recoñecidas e prestixiosas dentro do mundo académico da romanística española e portuguesa constitúe sen dúbida un aval científico para o traballo que o Instituto vai presentar poucos días despois e, máis en xeral, para o programa académico e investigador que se dispón a acometer de acordo coa súa acta fundacional.

En segundo lugar, a comparecencia pública do futuro director do Instituto acompañado da máxima autoridade universitaria permite escenificar diante da sociedade, se non o *placet*, cando menos o *nihil obstat* con que os responsables político-académicos acollen a nova institución. A importancia do xesto cobra a súa verdadeira dimensión á vista do perfil notoriamente franquista e de escasas simpatías galeguistas do reitor García Garrido¹.

Finalmente, a reunión de constitución do Padroado permitiría visualizar o apoio á nacente institución por parte do galeguismo posibilista, representado nel a través de varias das fundacións e entidades cívicas que lle daban cobertura á súa acción cultural. Ademais, a presenza entre elas da Fundación Barrié, pouco sospeitosa para o Réxime e, de por parte, a única de todas elas que podía dispoñer dunha folgada suficiencia financeira, permitiría cando menos crear a expectativa de que o Instituto puidese complementar o sempre magro financiamento público con algunha que outra achega externa. Neste sentido resultan abondo elocuentes as palabras con que Ramón Piñeiro lle describe, nunha carta datada o 10 de maio de 1971, ao seu correspondente Basilio Losada as esperanzas que ten depositadas no Instituto:

Coido que este Instituto pode ter unha importancia extraordinaria, non só polo que supón de *compromiso idiomático* para a Universidade senón porque pode desenvolver un labor científico que ningún outro centro podería desenvolver. En realidade, en poucos anos pode haber unha verdadeira escola de Filoloxía e Lingüística Galega (Piñeiro / Losada 1996: 857).

Parecen deste xeito superadas xa as súas reservas, expresadas en cartas remitidas ao mesmo destinatario ao longo do mes de marzo do mesmo ano, acerca do modelo de lingua proposto nas primeiras redaccións do *Gallego I* e tamén do que considera unha certa arrogancia cientifista e antiacadémica dos novos lingüistas agrupados no Departamento de Filoloxía Románica (cfr. Piñeiro / Losada 1996: 842-850).

En definitiva, os acontecementos que rodean a creación do ILG sintetizan os trazos identitarios que han caracterizar o percurso vital dunha institución chamada a marcar de xeito determinante o proceso de estandarización do galego contemporáneo: solvencia científica, vontade de actuación no ámbito académico-institucional e compromiso co ideario galeguista.

O contexto: a Universidade en rápida mudanza

En calquera caso, a creación do Instituto en 1971 non debe considerarse tanto un punto de partida como un punto de inflexión na actividade dun grupo humano que comezara a conformarse uns poucos anos atrás no seo do Departamento de Filoloxía Románica da Universidade compostelá. Así, resulta indiscutible que a partir de 1971 os seus traballos experimentaron un pulo significativo, tanto pola maior autonomía financeira e de funcionamento asociadas á nova condición de instituto universitario como por unha maior proxección e visibilidade públicas. Así e todo, tamén resulta innegable que o programa de actuacións do Instituto é fundamentalmente o resultado da evolución e do crecemento das tarefas iniciadas algúns anos antes no Departamento de Filoloxía Románica.


En efecto, o camiño cara á creación do ILG afunde as súas raíces nos procesos de transformación que experimenta o mundo universitario e, en xeral, a sociedade española no treito final do franquismo. Así, nos anos finais da década de 1960 prodúcense unha serie de mudanzas, tanto de orde política e académica como de natureza social, que se concentran no tempo e que debuxan un marco máis favorable e receptivo para o desenvolvemento da actividade dunha institución académico-universitaria que ten como obxectivos o estudo e a promoción da lingua galega. Esta lenta transformación do marco sociopolítico constitúe, sen dúbida, un elemento coadxuvante, pero o proceso que conducirá en última instancia á creación do ILG só se explica pola actuación de elementos que actúan como acelerantes ou, máis precisamente, como catalizadores. Este papel desempeñouno indiscutiblemente a incorporación á Minerva compostelá do profesor Constantino García.

Tal e como acabamos de sinalar, no decorrer da década dos 60, e especialmente na súa segunda metade, o mundo universitario muda significativamente a súa fasquía. Por unha banda, o número de estudantes matriculados experimenta nestes anos un crecemento exponencial. Así, de acordo cos datos que proporciona Gurriarán (2010: 364), no curso 1967/68 a Universidade de Santiago de Compostela conta con arredor de 6.000 alumnos, unha cifra certamente modesta se a comparamos cos arredor de 30.000 que ten na actualidade, pero espectacular se temos en conta que supón máis do dobre da que tiña só cinco anos atrás. Como é sabido, este incremento é consecuencia do desenvolvemento económico, da expansión e xeneralización do ensino secundario, da urbanización da sociedade e da consideración da Universidade como panca para o ascenso social. En calquera caso, o dato relevante é que este conxunto de factores propicia que acceda ás aulas universitarias unha xeración de mozos procedentes de sectores sociais que ata entón tiñan, se non vedado, cando menos si moi dificultado o acceso.

En paralelo, tamén desde comezos desta década a Universidade experimenta un proceso de transformación das súas propias estruturas. Nunha boa medida, isto é debido a que a institución se ve desbordada polo incremento espectacular da demanda. En todo caso, a causa última haberá que buscala no desenvolvemento económico e social do país, que deixaba ao descuberto a obsolescencia das estruturas universitarias e o acartonamento e as severas carencias da súa oferta académica, así como nas tensións internas existentes na institución, motivadas en gran parte polas aspiracións dos seus membros.

Por outra banda, para acabar de caracterizar o contexto cómpre referirse ao clima de axitación social e política, que afecta á sociedade no seu conxunto pero dun modo moi particular ao mundo universitario e que se vai intensificando de modo sostido conforme avanza a década. Deste xeito, ao longo dos anos 60 vaise xestando no seo da institución un movemento de aberta contestación ao réxime franquista e aos instrumentos de control da vida universitaria². Cómpre engadir, ademais, que o galego comeza a formar parte da táboa de reivindicacións deste movemento.

Finalmente, xa nos inicios da década de 1970 prodúcese unha tímida apertura no tocante ao tratamento legal do galego e, en xeral, das linguas minoritarias do Estado. Deste xeito, en 1970 apróbbase a Ley General de Educación, que permite a introdución, aínda que moi limitada, destas linguas dentro do sistema educativo. En calquera caso, por marxinal que fose o seu papel



Constantino García

1. Son abrumadores os testemuños da súa fidelidade ao ideario franquista e do seu integrista relixioso (cfr. Gurriarán 2010: 436-438), por máis que o propio García Garrido, nun artigo non xa exculpatorio, senón mesmo (auto)laudatorio, publicado con motivo do 40 aniversario das revoltas estudiantís de 1968, se presente a si mesmo como o reitor que se lle arrepuxo ao gobernador civil (“¡Si la Policía vuelve a entrar en la Universidad de Santiago tendrá que hacerlo por encima de mi cadáver!”) e como un adail da liberdade de expresión e de cátedra (“No había una libertad total, pero para mí la universidad era libertad. Yo entendía entonces a la Universidad como un reducto de libertad, y eso me costó algún que otro disgusto... por abrir la mano”). De resto, a súa participación na fundación do ILG e na dotación da primeira cátedra de Lingua e Literatura Galegas exhibense neste artigo como indicios probatorios da súa “conversión” democrática: “Nueve años en Santiago le ganaron para la causa. Impensable que en pleno franquismo un joven profesor decidiese crear las cátedras de gallego, hacer catedrático de una de éstas a Carvallo Calero [sic] y auspiciar la publicación del primer *Manual de diccionario de lengua gallega* [sic]” (*El Correo Gallego* 24-VII-2008).

2. O xa citado traballo de Gurriarán (2010) constitúe un fresco monumental das mobilizacións universitarias na Compostela deses anos e é referencia obrigada para quen desexe aprofundar no estudo deste período.

dentro do currículo escolar, o simple feito de que o galego se puidese incorporar ao ensino constituía unha importante novidade e, ademais, deixaba ao descuberto as graves carencias que pexaban esta posibilidade: a falta de materiais docentes, a inexistencia de estruturas para a formación dos mestres e, polo que se refire á propia lingua, a carencia dunha variedade estándar ben definida e medianamente consolidada.

Os precedentes académicos. A filoloxía na Universidade galega

Estes son, expostos moi sinteticamente, os trazos grosos que definen o contexto en que se enmarca o proceso que conduciu á creación do ILG. Precisando un pouco máis, o conxunto de transformacións das estruturas universitarias que se produce neste período deseña un panorama máis favorable para a posta en marcha e o desenvolvemento dun programa investigador arredor do galego. Así, ata 1963, no ámbito das titulacións de corte humanístico, a Universidade de Santiago de Compostela contaba unicamente cunha Facultade de Filosofía e Letras, que, a pesar do que podería inducir a pensar o seu nome, só ofrecía aos estudantes a posibilidade de completar estudos de Historia. Os alumnos interesados en estudar Filoloxía ou Filosofía podían realizar en Santiago os cursos “de comúns”, pero xa logo tiñan que continuar os seus estudos noutras universidades. Salamanca e Madrid eran o destino habitual dos mozos galegos. Polo demais, na Facultade os estudos lingüísticos e literarios ocupaban un espazo case marxinal. De feito, na primeira metade dos 60 soamente existían dúas cátedras reservadas para eles, a de Literatura Española, que ocupaba desde 1954 Enrique Moreno Báez, e a de Latín, que ocupaba desde 1927 Abelardo Moralejo Laso.

Ao longo da década vanse creando no seo das vellas Facultades de Ciencias e de Filosofía e Letras distintas seccións que, andando o tempo, acabarán dando lugar ás Facultades actuais. Polo que se refire aos estudos filolóxicos, a data clave é 1963, que é cando se crea a Sección de Filoloxía Románica. De acordo coas lembranzas dalgúns sobranceiros membros das primeiras promocións da nova sección, estes estudos puxéronse en marcha en medio de enormes limitacións. Así, en tanto non se dotaron e adxudicaron as novas cátedras, a docencia cubriuse botando man dos recursos existentes ou recrutando profesorado nos centros de secundaria. Finalmente, en 1965 créanse as cátedras de Gramática Xeral e Crítica Literaria, que se adxudica inicialmente a Carlos Clavería, que non chega a tomar posesión dela, e logo a Félix Monge, ata entón profesor de espa-

ñol na Universidade de Zürich, e de Filoloxía Románica, que gaña Constantino García, asturiano de nación e daquela profesor tamén de español na Universidade de Bonn. Un e outro incorpóranse efectivamente aos seus postos no outono de 1966.

Por outra banda, desde a mesma posta en marcha da sección de Filoloxía Románica introdúcese no seu plano de estudos unha materia de Lingüística e Literatura Galegas, que se lle encarga ao profesor Carballo Calero, que compatibiliza esta actividade coa de profesor de secundaria no Instituto Rosalía de Castro. Así e todo, haberá que agardar ata 1968 para que se dote a cátedra correspondente e ata 1972 para que finalmente se lle adxudique ao profesor ferrolán.

O catalizador: Constantino García

As mudanzas de corte social e político, académico e mesmo legal permiten, de certo, explicar por que resulta factible nos finais dos 60 e os comezos dos 70 algo que resultaría impensable só unha década antes, cando frecuentaban as aulas da Universidade, e os cafés e as rúas de Compostela, os membros da chamada Xeración de La Noche ou das Festas Minervais. En todo caso, o proceso que leva á fundación do ILG non se explica sen a actuación como axente catalizador de Constantino García. A súa chegada á Facultade de Letras compostelá introduce unha longa serie de novidades de diversa natureza, mais todas elas relevantes.

En primeiro lugar, segundo queda dito máis arriba, a posta en marcha da Sección de Románicas resultara un tanto precipitada e improvisada. Así, os primeiros licenciados non recibiran durante os seus estudos formación romanística minimamente actualizada. Segundo reconece algún deles, descoñecían mesmo a existencia de obras de referencia básicas da Filoloxía Románica como *Le origini delle lingue neolatine* de Tagliavini ou o manual *Lingüística Románica* de Lausberg. Constantino García convérteos, naturalmente, en obras de cabeceira nas súas materias.

Por outra banda, a carón da posta ao día da bibliografía de referencia, os seus discípulos coinciden en sinalar como transformación máis relevante a profunda renovación metodolóxica que o profesor asturiano introduce na docencia, en particular, as clases de seminario, onde se analizan e comentan textos románicos de diversas orixes, e os traballos de campo, que abren a porta para o estudo do galego oral e popular.

Finalmente, Constantino García introduce un cambio radical no modo de relacionarse con estudantes e bolseiros. Así, fronte ao formalismo, a frialdade e a distancia case aristocrática que carac-



Xuntanza do Padroado do ILG, 1987. De esquerda a dereita: Filgueira Valverde, Constantino García, Carlos Pajares, Antón Santamarina, Ramón Lorenzo, Ramón Piñeiro e Marino Dónega

terizaba a relación dos alumnos co resto dos profesores, o novo catedrático impón uns modos máis modernos e “democráticos”, marcados pola cordialidade, a accesibilidade e a camaradería. Aquí radica probablemente unha das claves que explican a súa popularidade e o seu éxito no recrutamento de voluntarios para participar nos diversos proxectos que foi poñendo en marcha, primeiro no Departamento e logo no Instituto.

As persoas que o trataron ao comezo da súa estadia en Compostela sinalan concordantemente que á súa chegada Constantino García carecía de información sobre o galego e non mostraba particular interese polo seu estudo. De feito, as primeiras actividades de seminario que puxo en marcha mantiñan unha liña de continuidade dos traballos que ata entón centraran a súa actividade investigadora: os proxectos do léxico hispánico primitivo, que dirixía Rafael Lapesa, e da sintaxe histórica do español. Na reorientación destas actividades cara ao galego tiveron que ver, moi probablemente, a dirección da memoria de licenciatura de Antón Santamarina, defendida en 1967, que consistiu na compilación dun vocabulario do val de Suarna e que daría a pauta metodolóxica para os estudos posteriores sobre o léxico dialectal, e a constatación de que o dominio lingüístico galego constituía un territorio practicamente inexplorado e que podía dar pé para a posta en marcha dun completo programa de investigación dialectolóxico como o que logo impulsou. No esperar do seu interese polo galego tamén puideron influír, sen dúbida, os contactos cos sectores galeguistas agrupados arredor de Ramón Piñeiro, cos que o novo catedrático axiña entrou en contacto e cos que, por outra banda, manteivo unha relación fluída. Por último,

a aprobación en 1970 da Ley General de Educación daría o pé para que o Departamento, e logo o ILG, compaxinara a dedicación aos estudos dialectolóxicos coa apertura dunha nova liña de traballo consistente na elaboración de materiais para o ensino e, a través desta vía, que proxectara a súa atención sobre a codificación e estandarización do galego.

Ata aquí o relato da fundación do ILG e das circunstancias que a rodearon. A outros corresponde agora valorar a importancia da contribución realizada por esta institución ao longo dos seus corenta anos de vida ao estudo e estandarización da lingua galega ■

Bibliografía

- Fernández Rei, Francisco (2008): “A creación do Instituto da Lingua Galega en 1971 e o desencontro normativo coa Academia”, en Xosé Luís Axeitos / Emilio Grandío Seoane / Ramón Villares (eds.): *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela / A Coruña: Universidade de Santiago de Compostela / Consello da Cultura Galega / Xunta de Galicia, 985-1009.
- Gurriarán, Ricardo (2010): *Inmunda escoria. A universidade franquista e as mobilizacións estudiantís en Compostela, 1939-1968*. Vigo: Xerais.
- Piñeiro, Ramón / Basilio Losada (2009): *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*. Edición de María Xesús Lama e Helena González. Santiago de Compostela / Vigo: Xunta de Galicia / Galaxia.
- Santamarina, Antón (2011): “O Instituto da Lingua Galega hai 40 anos”, *A Trabe de Ouro* 86, pp. 305-316.